



AS NOSAS MULLERES

María Zambrano (S.XX)



Eva Herrero Gavela
Marta Álvarez Vidal
1º Bach B; Departamento de Filosofía.



AS NOSAS MULLERES

Primeiros anos.

Naceu en Vélez (Málaga) o 22 de abril de 1904 e morreu en Madrid o 6 de febreiro de 1991.

Os seus pais Blas Zambrano García de Carabante e Araceli Alarcón Delgado, eran mestres da Escola Graduada de Vélez.

Aos 4 anos trasládase a Madrid onde comeza a asistir á escola, un ano máis tarde o seu pai trasládase a Segovia como Rexente da Escola Graduada de prácticas anexa ao Instituto Xeral e Técnico ata a Fundación da Normal de Mestres en 1914. Outro ano máis tarde viaxará a Segovia o resto da súa familia. Blas entra en amizade con Antonio Machado e con Carlos Barral, funda a revista "Castilla" e faise redactor xefe do periódico "La tierra de Segovia".

O 21 de abril de 1911 nace a irmá de María, chamada Araceli. Dous anos despois do seu nacemento comeza o bacharelato, só ela e outra moza asisten a clase entre os mozos. Neses anos confesará o amor máis grande da súa vida, o seu curmán Miguel Pizarro Zambrano, co que realizará un intenso acercamento á literatura.

En 1921, inicia os seus estudos oficiais de filosofía na Universidade Central de Madrid. Coñece en Segovia a León Felipe e grazas ao seu curmán a Federico García Lorca.

Cinco anos máis tarde, a familia trasládase a Madrid ata 1929 vivirá na Plaza de los Carros, dende esa data ata 1936 na Plaza del conde de Barajas.

Asiste a clases de Ortega y Gasset, J.A. García Morente e as primeiras de Zubiri.

Xuventude.

Un ano despois, intervén en movementos estudantís, colabora en periódicos, como "El



Casarte con un filósofo guapo con quien poder tener hijos sin mezclar genes.



Enamorarse de tu primo y no tener descendencia.



AS NOSAS MULLERES

Liberal" e "La Libertad". Contrae unha forte tuberculose que lle obriga a repousar ata 1929.

Publica o seu primeiro libro "Horizonte del liberalismo". Outro ano despois, é nomeada mestra auxiliar de Metafísica na Universidade Central e traballa na súa tese doutoral " La Salvación del individuo en Spinoza". Participa activamente en mitins de partidos republicanos, asiste á proclamación da II República e rexeita ofertas para presentarse ás cortes polo PSOE.

Substitúe a Zubiri como mestra de Metafísica. Colabora con frecuencia nas revistas de Occidente, Cruz y Raya , Los Cuatro Vientos e Azor. Traballa no ministerio do Estado e comeza a participar tamén nalgunhas das "Misións pedagóxicas".

Ao comezar a guerra, casa con Alfonso Rodríguez Aldave, recién nomeado secretario da embaixada en Chile. Realiza unha viaxe en barco e establécense na Habana onde coñece a José Lezama Lima. En Chile, publica "Los Intelectuales en el drama de España" e unha " Antología de García Lorca".

En 1937, pensaban que a guerra xa estaba perdida. O seu marido incorpórase ao exército mentres que ela vive en Valencia, onde colabora en defensa da República.

Un ano máis tarde, morre seu pai a quen Machado lle dedicará o seu último escrito de "Mairena Póstumo".

Exilio.

Ao finalizar a guerra civil española, María sae ao exilio coa súa nai e a súa irmá. Vaise co seu esposo a París, desde onde partirían a México. É nomeada mestra de Filosofía na Universidade de San Nicolás de Hidalgo. Publica as obras: "Pensamiento y poesía en la vida española" e "Filosofía y poesía". Colaborou con moitas revistas latinoamericanas.

Ao ano seguinte, ela e mais o seu esposo estarán de novo na Habana onde impartirán clases.

En 1943, trasládase a San Juan de Puerto Rico onde será nomeada profesora da Universidade de Río Piedras. Afianza amizade con profesores españois como García Barca ou Ferrater Mora.



AS NOSAS MULLERES

Tres anos máis tarde, viaxa a París ante a noticia da enfermidade da súa nai. Non obstante, á súa chegada xa morrera. María inicia unha amizade con Picasso e viviu tamén na casa do escritor francés J. Charles Fol e con Octavio Paz, na embaixada mexicana en París. Entón coñeceu a Malraux, Sartre e Simone de Beauvoir.

A principios de 1949, estableceuse en México onde a Universidade ofreceulle a vacante de García Bacca. Ela e mais a súa irmá viaxan entre Cuba e Europa .

Nadie:

Absolutamente nadie:

Tampoco nadie:

Nadie más:



No ano 1959, viaxa a Suiza e seguidamente a Roma onde se instala nun señorial departamento.

Tras cinco anos alí, as irmás vense expulsadas de Roma pola denuncia dun veciño fascista a causa dos seus gatos.

Nese mesmo ano, chegan á casa de La Pièce onde amplía “El sueño creador”. Publica *España, Sueño y verdad* e por último *La tumba de Antígona*. Máis tarde publica *La palabra y el silencio*. En 1972, falece a súa irmá Araceli.

Dous anos despois, volve a Roma e vive nun ático proporcionado polo seu amigo Timothy Osborne. Ao ano seguinte, volve a residir en La Pièce.

O seu declive físico é claro. En 1980, trasládase a Xenebra.

Volve a España.

O 20 de marzo, celebráronse as III Xordanas Andaluzas de Filosofía. Concedéuselle o premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades. O 13 de xuño, aparece María Zambrano ante a opinión pública: o suplemento cultural “Sábado Literario” do diario *Pueblo* dedícalle integramente as súas páxinas. Radio Nacional ofrece unha longa entrevista con ela do poeta J.M. Ullán. *Cuadernos del Norte* dedícalle un número especial.



AS NOSAS MULLERES

O 24 de novembro o concello de Vélez-Málaga decidiu pedirlle a María que volveuse á cidade natal ofrecéndolle vivenda e axuda para a súa estancia. É nomeada filla predilecta polo concello da súa vila.

En 1982, aparece na Universidade de Málaga o libro *María Zambrano ou a metafísica recuperada*. A Xunta do Goberno daquela universidade nomea a María como Doutora “Honoris Causa”.

Un ano máis tarde, María sofre artrose e queda sen visión polas súas cataratas en ambos os ollos sufrindo unha forte anemia. É internada nunha clínica de Xenebra.

Un ano despois da súa recuperación, foi buscada por Xesús Moreno e volve a España.


En 1985, a súa actividade intelectual é incansable, é nomeada filla predilecta de Andalucía.

Un ano máis tarde, aparece o seu libro *Senderos*, comezou a preparar a publicación de Notas de un método e a reedición de *Filosofía y Poesía*, *La agonía de Europa*, *La confesión y Persona y democracia*. Constitúese en Vélez-Málaga a Fundación que leva o seu nome, motivo polo cal teñen lugar as primeiras reunións na súa casa de Madrid.

No outono de 1988, concédennlle o Premio Cervantes e comezou con Rosa Mascarell *Los bienaventurados y Los sueños y el tiempo*. Tamén foi preparando con Amalia Iglesias a recompilación *Algunos lugares de la pintura* e decidiu publicar *Delirio y destino*.

Xa en 1990 nunha cadeira de rodas, apenas pode falar. Publica seu último artigo “Peligros de la paz”, grazas aos momentos de calma lúcida.

Morre en 1991, descansa en paz á sombra dun limoeiro nun cemiterio local. Os seus restos repousan xunto cos de Araceli e na súa lápida está inscrita a lenda de Cantar de los Cantares: *Surge amica mea et veni*.





AS NOSAS MULLERES

Correntes filosóficas da Idade Contemporánea.

A época na que viviu María Zambrano foi a Idade Contemporánea (1950- Ata agora) na que experimentou diversas correntes filosóficas, económicas, política e globais.

Contexto Filosófico:

María viviu varias correntes filosóficas entre elas destacamos:

- **Escola analítica:** A filosofía analítica é unha corrente filosófica que xurdiu a finais do século XIX en Europa e apareceu durante gran parte do século XX en varias partes do mundo. Caracterizouse pola adopción da análise conceptual “apriori” como método filosófico, é dicir, por considerar que moitos, senón todos, os problemas centrais da filosofía poderían resolverse a través da reflexión racional, rigorosa e sistemática sobre as condicións correctas de aplicación dos conceptos.
- **Existencialismo:** É unha corrente filosófica que sostén que a existencia precede a esencia e que a realidade é anterior ao pensamento e a vontade á intelixencia. Os filósofos existencialistas centráronse na análise da condición humana, a liberdade e a responsabilidade individual, as emocións, así como o significado da vida. Sosteenen que o punto de partida do pensamento filosófico debe ser o individuo e as experiencias subxectivas fenomenolóxicas do individuo. Sobre esta base, os existencialistas sosteenen que a combinación do pensamento moral e o pensamento científico son insuficientes para entender a existencia humana, e, por tanto, é necesario un conxunto adicional de categorías, gobernadas pola norma de autenticidade, para entender a existencia humana. Kierkegaard e Nietzsche sentaron as bases para a filosofía existencialista.
- **Filosofía da linguaxe:** É a rama da filosofía que estuda a linguaxe nos seus aspectos máis xerais e fundamentais, como a natureza do significado e da referencia, a relación entre a linguaxe, o pensamento e o mundo, o uso da linguaxe a interpretación, a tradución e os límites da linguaxe. Distínguese da lingüística en que se serve de métodos non-empíricos (como experimentos mentais) para chegar ás súas conclusións. Ademais, na filosofía da linguaxe xeralmente non se fai diferenza entre a linguaxe falada, o escrito ou calquera outra das súas manifestacións, senón que se estuda aquilo que é común a todas elas. O enfoque



AS NOSAS MULLERES

dos filósofos da linguaxe abstracta e desligado da descrición práctica das linguaxes particulares.

- **Fenomenoloxía:** Edmund Husserl, é o principal representante desta corrente filosófica, que se ocupa de todos os fenómenos, pero a partir dunha redución dos mesmos. Este xenial pensador desenvolve unha teoría, partindo do concepto de intencionalidade, para facer unha división entre os fenómenos físicos e os psíquicos.

Pódense distinguir 3 etapas:

- A etapa pre- fenomenolóxica, fundamentalmente psicoloxista.
- A etapa fenomenolóxica, marcada por unha fenomenoloxía pura etranscendental.
- A etapa de retiro, na que se preocupa por cuestións éticas e sociais.

Contexto Económico:

Características da economía da Idade Contemporánea:

- As fábricas substituíron os talleres e os lugares domésticos de traballo.
- Durante a revolución industrial, Europa experimentou o cambio dunha economía apoiada na agricultura e o traballo artesán a unha economía baseada na manufactura das máquinas, na man de obra especializada e nas fábricas industriais.
- Diminúe de forma drástica a utilización da forza humana e animal.
- Os maiores niveis de produtividade provocaron unha procura de novas fontes de materias primas.
- Novas fontes de enerxía e de potencia como o carbón e o vapor.
- Novos patróns de consumo e revolución nos medios de transporte.

Revolución industrial.

A partir do século XVIII iníciase en Europa a revolución industrial. Este cambio producirá a desaparición da sociedade tradicional e controlada pola nobreza.





AS NOSAS MULLERES

Gran Bretaña e o resto de Europa continental, sofren o maior conxunto de transformacións socioeconómicas, tecnolóxicas e culturais da historia da humanidade, desde o neolítico.

A economía baseada no traballo manual foi substituída pola industria e a manufactura. Comezou coa mecanización das industrias téxtiles e o desenvolvemento dos procesos do ferro. A expansión do comercio foi favorecida pola mellora dos transportes e polo nacemento do ferrocarril.

Na Revolución auméntase a cantidade de produtos e diminúe o tempo no que estes se realizan dando paso á produción en serie, simplifícanse tarefas complexas en varias operacións simples que poida realizar calquera obreiro sen necesidade de que sexa man de obra cualificada, e deste xeito baixar custos de produción e elevar a cantidade de unidades producidas baixo o mesmo custo fixo.

Imperialismo económico.

Foi empregado para ilustrar a penetración dos países con economías máis desenvolvidas nos países con menor desenvolvemento económico. Ambos os termos foron tradicionalmente utilizados por algúns economistas para sinalar aos países desenvolvidos (Estados Unidos actualmente) polo feito de estar a explotar aos países de menor desenvolvemento económico.



En comercio internacional, os países economicamente débiles só en situación de exportar primas baratas aos países industrializados a cambio de importar bens manufacturados a prezos elevados.


En materia de investimento estranxeiro, os capitalistas dos países máis desenvolvidos terían o control dos sectores produtivos máis dinámicos dos países en desenvolvemento, obtendo utilidades excesivas cuxos retiros afectan gravemente a balanza de pagos destes países.

Outras manifestacións do imperialismo económico son as condicións da transferencia de tecnoloxía e do outorgamento de créditos internacionais.



AS NOSAS MULLERES

Contexto Político:



O Marxismo- Leninismo.

As ideas marxistas foron postas en práctica en Rusia tras a vitoria da Revolución de 1917, a cal acabou co goberno autoritario do Tsar.


O marxismo fora elaborado para sociedades capitalistas que debían facer o tránsito ao comunismo, Rusia non cumpría con esta característica, a ideoloxía de Marx- Engels sufriu a súa primeira interpretación, a cal foi levada a cabo por Lenin.

Lenin, principal líder da revolución, pensaba que o éxito do proceso soviético non era completo senón se estendía a revolución por toda Europa. As potencias, medorentas do éxito da expansión socialista, reprimiron todos os movementos sociais nos seus respectivos países.

En 1923, o Congreso dos soviets creou a Constitución da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, URSS. O exército e a administración se burocratizaron. Cando Lenin morreu en 1924, quen podía acceder ao poder eran dúas figuras enfrontadas: Stalin e Trotsky. Stalin propoñía a teoría do "socialismo nun só país", co cal pretendía desenvolver os logros da Revolución na URSS. Trotsky propoñía a "revolución permanente", o poder podíase manter xeneralizando a revolución a nivel mundial. Stalin foi adquirindo apoio ata que en 1927 logrou expulsar a Trotsky do partido e, posteriormente, desterralo.

A Revolución rusa cambiou o panorama político de Europa. Os primeiros resultados que arroxou esta revolución sorprenderon aos políticos e xefes de Estado de Europa.

AS NOSAS MULLERES




O Fascismo.

Como consecuencia do proceso social e político que seguiu á Primeira Guerra Mundial e á crise económica de 1929, formáronse en Europa dúas agrupacións políticas de gran importancia, unha en Italia e a outra en Alemaña. Tanto o fascismo italiano como o alemán, máis coñecido como nacionalsocialismo, xurdiron como esforzos para suprimir as diferenzas de clase e de grupo, e como unha estratexia para o seu crecemento imperialista.

Para lograr estes fins, o fascismo desenvolveu unha organización do Estado de carácter totalitario, no que a autoridade podía e debía controlar todo acto e manifestación dos individuos, para utilizalo no incremento da forza nacional. O económico, o moral e o cultural eran recursos nacionais, que debían ser controlados e utilizados polo goberno.

Como principio de organización política, o totalitarismo fascista era unha ditadura que ademais se sustentaba na forza militar. Igualmente, un aspecto representativo foi o uso político da propaganda, a cal obedecía á idea de que o pobo estaba constituído polas "masas", sen ningunha información, salvo a que quixese proporcionarlle o Estado para alcanzar os seus obxectivos.

O Pensamento Político de Gandhi.



Desde mediados do século XIX, a presenza colonial británica na India mantivo sometido o país. Pero a aparición dun personaxe fixo posible a preparación do camiño cara á independencia: "Mahatma" Gandhi (1869-1948).



AS NOSAS MULLERES

A súa actividade política anticolonialista comezou en 1919, cando empezou a crise proindependentista. O seu método de loita estaba baseado sobre o áhimsa, ou non violencia, que á súa vez se apoiaba en campañas de desobediencia pasiva. De acordo coas ideas de Gandhi, a salvación de India viría dunha transformación espiritual e non política.



O Socialismo do século XX.

Durante o século XX xurdiu un grupo de intelectuais neomarxistas, como Georg Lukacs e Antonio Gramsci, quen volveu ás fontes do marxismo refugando o expónminto da ditadura do proletariado. A influencia do pensamento de Gramsci continuou grazas a obras como *Cadernos da prisión*, publicada por primeira vez entre 1948 e 1951, que contén unha revisión orixinal do pensamento de Marx, nun sentido historicista e tendente a modernizar o legado comunista para adaptalo ás condicións de Italia e da Europa do século XX. Xa no Congreso de Lyon defendera a ampliación das bases sociais do comunismo abríndoo a toda clase de traballadores, incluídos os intelectuais. En 1924 uniuse á oposición parlamentaria enfrontada á ditadura de Benito Mussolini. As súas achegas teóricas influirían poderosamente na adaptación democrática do comunismo occidental que se produciu nos anos sesenta e setenta, o chamado eurocomunismo.

O Neoliberalismo.

Impúxose a partir da década do setenta, e nel propúxose a non intervención do Estado na economía dos países, argumentando que a súa actividade entorpece aos axentes económicos privados, deforma o libre funcionamento do mercado e repercute nunha mala distribución dos recursos. Esta proposta foi adoptada por varios gobernos e reflíctese





AS NOSAS MULLERES

nas políticas de apertura económica, integración de mercados mundiais e fomento da competencia.

Na actualidade, o neoliberalismo comparte o espazo político coa democracia participativa, onde o poder do pobo non se debe reducir a decidir quen resolve os problemas, senón que debe ser capaz de solucionarlos por si mesmo.

As súas ideas e pensamentos.

· Ideas filosóficas.

Na súa obra *El hombre y lo divino*, María arrepíntese da ausencia de Deus dicindo: “Hace muy poco tiempo que el hombre cuenta su historia, examina su presente y proyecta su futuro sin contar con los dioses, con Dios, con alguna forma de manifestación de lo divino”. Podemos deducir, que na súa opinión a ausencia de Deus manifestase no baleiro inquietante dos homes. É que esta se pretende que chegue a través da historia (Hegel), da Sociedade (Marx) ou do Futuro (Nietzsche e toda a filosofía moderna).

Refírese ao “sagrado” como o que sustenta a realidade, ao “divino” como a forma en que o ser humano capta esa realidade. Cada quen foi manifestándoo de diversos modos, por exemplo , os deuses gregos, o deus cristián... Dáse a coñecer como o creador de todo, absoluto, autosuficiente e que impulsa aos homes a realizar a súa vida dende a soidade. Isto fai que a relación coas persoas sexa sumamente valiosa máis importante que as relación coas cousas ou bens materiais, o que ela chama “la inanidad de las cosas”.

Zambrano, toma o concepto “ Razón Poética” de Nietzsche y Machado. Faino seu buscando unha unidade da filosofía, poesía e a relixión. Para ela, a realidade non pode ser só a razón típica de Occidente, e un novo método de coñecer a realidade co propósito de alcanzar saberes distintos tanto dende a dimensión racional coma irracional da existencia.

Algunhas das súas frases:

“La filosofía es una preparación para la muerte, y el filósofo el hombre que está maduro para ella”.

“Filosófico es el preguntar, y poético el hallazgo”.



AS NOSAS MULLERES

“La cultura es el despertar del hombre”.

“¿Es de extrañar que el amor haya preferido así siempre el elemento práctico al filosófico?”

“Solo en soledad se siente la sed de verdad”.

“Si se hubiera de definir la democracia podría hacerse diciendo que es la sociedad en la cual nos sólo es

permitido, sino exigido, el ser persona”.

·Ideas políticas.

Xa sexan as democracias formais burguesas, autoritarismos de esquerda ou dereita, o común denominador é a vontade do poder (Nietzsche), de dominación das persoas concretas en nome dunha racionalidade hipostasiada. Un das aportes desta autora é o concepto de “Historia sacrificial”, a través do cal examina rigorosamente os despotismos racionalistas de Occidente.

Debemos recordar que os últimos vinte anos foron o escenario no cal Centroamérica viviu unha serie de cambios importantes: a loita contra o despotismo militar-oligárquico, a transición de ditaduras militares a réximes encabezados por civís, a derrota ou, polo menos, a ausencia da vitoria dos proxectos de esquerda. Nese sentido, as ideas de Zambrano poden aportar moito aos problemas contemporáneos da nosa rexión. Polo menos podería aportar elementos éticos importantes para aqueles proxectos políticos alternativos ao capitalismo.

·Las sin sombrero.

Foron un grupo de mulleres pensadoras e artistas españolas pertencentes a xeración do 27. O nome débese ao xesto de quitarse o sombrero en público, que protagonizaron Maruxa Mallo, Margarita Manso, Salvador Dalí, María Zambrano e Federico García Lorca na Porta do Sol. Como relata a mesma Mallo, “Nos apedrearon llamándonos de todo” nas gravacións tras volver do exilio.



AS NOSAS MULLERES

Era un acto de rebeldía que simboliza que levar sombreiro era unha construción social que representaba como as súas ideas e inquietudes estaban tapadas. Maruxa Mallo preséntao como se quitar o sombreiro fora unha manifestación relacionada coa homosexualidade.

Madrid foi a cidade onde a gran maioría delas residiron, estudaron, e desenvolveron a súa actitude artística. Abertas a novos conceptos de modernidade e ás correntes da vangarda que proviñan de Europa, foron tamén as recuperadoras da tradición popular. As súas aportacións están pouco estudadas e a gran maioría quedaron ao marxe, aínda que desenvolveron unha actividade constante e destacaban en campos variados como a escritura, a pintura, a escultura, a ilustración ou a filosofía.



-Orixe do nome:

Un día en Madrid, dos anos vinte Lorca, Dalí, Manso e Mallo pasearon pola Porta do Sol quitando o sombreiro.

Esta actitude pretendía

romper a norma, e metaforicamente, a ausencia da peza que tapa a cabeza coma liberar as ideas e as inquietudes.

En plena ditadura de Primo de Rivera, este xesto de quitar o sombreiro converteunos en rebeldes, especialmente as mulleres. Para elas, prescindir do sombreiro implicaba abandonar o corsé da época e, polo tanto, non conformarse co papel de esposas e nais.

-Centros de reunión:

A pesar de non coincidir en moitos aspectos, a relación destas mulleres foi moi estreita. Os centros de encontro foron escenarios común de vital importancia para exercer esa defensa



AS NOSAS MULLERES

e unión. Os espazos de intercambio cultural como a *Revista de Occidente* e *La Gaceta Literaria*. Pero tamén existiron lugares físicos exclusivos onde estas mulleres se reunían e compartían ideas como a “Residencia de señoras”, o “Lyceum Club Femenino” ou a “Asociación Universitaria femenina”.

- **Textos:**

Antes de la ocultación

Comencé a cantar entre dientes por obedecer en la oscuridad absoluta que no había hasta entonces conocido, la vieja canción del agua todavía no nacida, confundida con el gemido de la que nace; el gemido de la madre que da a luz una y otra vez para acabar de nacer ella misma, entremezclado con el vagido de lo que nace, la vida parturiente. Me sentí acunada por este lloro que era también cantó tan de lejos y en mí, porque nunca nada era mío del todo. ¿No tendría yo dueño tampoco?

La música no tiene dueño, pues los que van a ella no la poseen nunca. Han sido por ella primero poseídos, después iniciados. Yo no sabía que una persona pudiera ser así, al modo de la música, que posee porque penetra mientras se desprende de su fuente, también en una herida. Se abre la música sólo en algunos lugares inesperadamente, cuando errante el alma sola, se siente desfallecer sin dueño. En esta soledad nadie aparece, nadie aparecía cuando me asenté en mi soledad última; el amado sin nombre siquiera. Alguien me había enamorado allá en la noche, en una noche sola, en una única noche hasta el alba. Nunca más apareció. Ya nadie más pudo encontrarme.

(Diotima de Mantinea en "Hacia un saber sobre el alma", p. 196)

Calídonia

Asistida por mi alma antigua, por mi alma primera al fin recobrada, y por tanto tiempo perdida. Ella, la perdidiza, al fin volvió por mí. Y entonces comprendí que ella había sido la enamorada. Y yo había pasado por la vida tan sólo de paso, lejana de mí misma. Y de ella venían las palabras sin dueño que todos bebían sin dejarme apenas nada a cambio. Yo era la voz de esa antigua alma. Y ella, a medida que consumaba su amor, allá, donde yo no podía verla; me iba iniciando a través del dolor



AS NOSAS MULLERES

del abandono. Por eso nadie podía amarme mientras yo iba sabiendo del amor. Y yo misma tampoco amaba. Sólo una noche hasta el alba. Y allí quedé esperando. Me despertaba con la aurora, si es que había dormido. Y creía que ya había llegado, yo, ella, él... Salía el Sol y el día caía como una condena sobre mí. No, no todavía.

Diotima de Mantinea, en "Hacia un saber sobre el alma", Madrid

Ed. Alianza, 1989, p. 197

Principais obras de María Zambrano:

Hacia un saber sobre el alma (1930)

- Horizonte del liberalismo (1930)
- Los intelectuales en el drama de España y escritos de la guerra civil (1937)
- Filosofía y poesía (1939)
- La agonía de Europa (1940)
- La confesión, género literario y método (1943)
- Séneca (1944)
- El hombre y lo divino (1955)
- Persona y democracia (1958)
- La tumba de Antígona (1967)
- Claros del bosque (1977).
- De la Aurora (1986)
- Senderos (1986)
- Delirio y destino (1989)
- Algunos lugares de la pintura (1989)
- Los bienaventurados (1990)
- Los sueños y el tiempo (1992)
- Las palabras del regreso (1995)

